



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: O financiamento autonómico das prestacións básicas dos servizos sociais (Plan Concertado). Xustificación e presentación do Proxecto Anual dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais (PASSCM).

CONVOCATORIA: LOCAL, convocatoria

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	8
ADMINISTRACIÓN:	LOCAL	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 07/03/2025 - 09:00h ao 13/03/2025 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

Esta acción formativa ten por obxectivo proporcionar coñecementos ás/aos profesionais das entidades locais, con funcións relacionadas co deseño, presentación e xustificación do Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais (PASSCM), facilitándolle un maior coñecemento do marco normativo e práctico do financiamento autonómico das prestacións básicas dos servizos sociais.

Neste sentido, considérase de vital importancia o coñecemento e a aplicación práctica, por parte do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais, da normativa básica de servizos sociais, así como da plataforma informática para a presentación e avaliación dos proxectos dos servizos sociais comunitarios municipais, xa que é unha fonte permanente de consulta e análise ao longo da súa actuación profesional como xestores de servizos sociais.

Neste contexto, detectouse a necesidade de mellorar os coñecementos relacionados coa presentación e xustificación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios.

Partindo desta realidade, os obxectivos xerais que se pretenden conseguir coa realización do curso son:

-Promover a adquisición de coñecementos sobre a xestión do Plan Concertado, tanto na súa base conceptual/normativa, como práctica, entre os/as profesionais dos servizos sociais comunitarios municipais.

-Mellorar o uso das ferramentas informáticas no proceso de xestión do plan Concertado: a presentación e a avaliación de proxectos.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público dos servizos sociais comunitarios municipais, especificamente aqueles que teñan entre as súas funcións a de cumprimentar a presentación e xustificación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais (PASSCM). No caso de que o número de solicitantes que cumpran os criterios anteriores sexan superior ao número de prazas utilizaranse os criterios xerais da EGAP.

PROGRAMA

XORNADA 1:

Módulo I. O financiamento da Comunidade Autónoma destinado ás prestacións básicas dos servizos sociais. Plan Concertado. Marco normativo, natureza do financiamento e principios básicos que rexen o programa de transferencias finalistas. O Proxecto Anual dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais (PASSCM. Duración:10:00 horas a 11:00 horas

Módulo II. A elaboración da xustificación do Proxecto Anual dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais. Casos prácticos.Duración:11.00 horas a 14.00 horas

XORNADA 2:

Módulo III. A elaboración do Proxecto Anual dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais. Casos prácticos. Duración: 10.00 horas a 12.00 horas

Proba final presencial. Duración: 12.00 horas a 14.00 horas

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Esta dirixido ao persoal empregado público dos servizos sociais comunitarios municipais con responsabilidade na presentación e xustificación do proxecto anual de servicios sociales comunitarios municipales (PASSCM),terá preferencia o persoal dos concellos nos que se detecte unha maior necesidade de formación neste ámbito.

A selección dos alumnos será realizada polo Servizo de coordinación dos Servizos Sociais Comunitarios, debido a especificidade e finalidade da acción formativa e sempre tendo en conta os criterios sinalados neste apartado.

Para o caso de que o número de persoas participantes que cumpran os criterios anteriores sexa superior ao número de prazas, utilizarase os criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 22/05/2025 a 23/05/2025

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 23/05/2025 ás 13:30h

DOCENTES NOMEADOS

JAVIER SUÁREZ SALVADO

SONIA PIÑEIRO SAA

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 9: O día 22 de maio de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 10: O día 23 de maio de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA